

Lugar Aula de Cultura Xulio Cuns do Edificio Arquivo

Entrada Gratuíta ata completar a capacidade


Cada nena ou neno debe de vir acompañado dunha persoa adulta como máximo debido á limitación da capacidade da sala. O acceso será por orde de chegada ata completar a capacidade. Non se permite a reserva de asento.

..... ➤ **La vida misma**
compañía Lore Lavand

O espectáculo transcorre sobre as diferentes etapas da vida e todo o que nela ocorre, coas súas cousas positivas e negativas, desde a infancia ata a vellez.

Pero máis aló do entretemento, búscase que o/a espectador/a poida levarse algo diferente, como poder chegar a tocar as emocións.

Ao final, como dicía Abraham Lincoln, o que importa non son os anos de vida, senón a vida dos anos, e en "La Vida Misma" o que máis importa é que a xente disfrute do espectáculo, teña a idade que teña.



sáb.
14
18:00 h

idade **+6**
60 min.



decembro/2024



..... ➤ **Voa, voa!**
compañía Talía Teatro

Voa, voa! é un espectáculo dirixido especialmente ao público infantil pero para disfrutar en familia, para divulgar e lembrar a arte de xogar coas palabras.

Todas as tardes despois de merendar Xoana baixa a xogar ao parque. Alí coincide con Anxo, un neno introvertido que prefire estar na casa vendo a tele. Pouco a pouco vai entrando nos xogos que lle propón Xoana, todos aqueles xogos que lle ensinou a súa avoa.

Unha montaxe na que se propón recuperar ditos, retrousos, xogos de man... toda unha relación de ditos populares centrados nestas pequenas rimas que perduraron xeración tras xeración e que se foron transmitindo de xeito oral. Un espectáculo para incentivar a xogar, pero sobre todo incentivar ás familias (nais, pais pero sobre todo avoas e avós) a furgar na súa memoria para recuperar e transmitir os seus xogos da infancia e o vocabulario que se empregaba.




sáb.
21
18:00 h

idade **+6**
50 min.

..... ➤ **Nanai da China**
compañía Pérez&Fernández

Nanai é unha nena que naceu nunha noite sen lúa. Os seus veciños e veciñas rexéitana desde que nace, por pura superstición. Ela só sabe dicir «non!» e axudar ao seu avó a cultivar o arroz máis delicioso deste lado do Yangtsé, en compañía de Chispum, un simpático búfalo de auga. Para loitar contra esta estúpida superstición da xente, Nanai e o seu avó elaboran un plan que non sae todo o tempo tan ben como debería.

Nanai da China é un espectáculo de teatro para público familiar no que se fusionan os monicreques e os actores para representar esta orixinal historia, montón de maxia, aventuras e humor.



sáb.
28
18:00 h

idade **+5**
45 min.

Organiza



dentro da Rede Cultural
da Deputación da Coruña





No concello de Betanzos cremos que o Nadal é tempo de regalar, divertirse, imaxinar... por iso, e porque nos gusta reciclar e reutilizar, aquí tes este teatríño moi, pero que moi, betanceiro.


Instrucións:

1. Recorta pola liña de puntos o interior do teatríño e este lateral do folleto.
2. Ata un cordón entre dúas cadeiras (pero antes pídelles permiso aos teus pais) e colga o folleto/teatríño con dúas pinzas da roupa.
3. Recorta os personaxes pola liña de puntos.
4. Pega un paliño pola parte de atrás do personaxe cun fiso. Servirache de mango.
5. Comeza a función.

NYNDIÑO PÉÑEZ O BOO



O LEÓN DO PRASITEPO



O DEMO DA DANZA



O CAN DE SAN ROQUE



Organiza



Dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña



Lembra que podes recortar e reutilizar este cartel e convertelo nun xogo. Ti inventas a historia. Reutilizar é outra forma de coidar o medio ambiente.



Podes sacarlle unha foto ao folleto e enviar un WhatsApp, un email... para que os teus amigos se divirtan nestas tardes de teatro.